

BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo. Manuel María

1

(Folla de Carballo e Espiña de Toxo)

Folla de Carballo: Son a Folla de Carballo agarimada do ar. A leve pinga de orballo sobre min se vén pousar.

Espiña de Toxo: Eu son a Espiña de toxo, espiña de toxo arnal. Aínda que teño cara fera nunca fixen ningún mal.

Folla de Carballo: Feridora, fera, mancas o ar co teu xeito de agulla. As andoriñas foxen de ti. Eu son mol. Doulle pousada aos paxaros.

Espiña de Toxo: Teño feitura de agulla porque así son máis delgada. Só por iso.

Folla de Carballo: Todo o mundo che ten medo.

Espiña de Toxo: Gardo e protexo, pola primavera, as miñas flores marelas. As miñas flores, para que saibas, son o sorriso da primavera. Os pegureiros son meus amigos.

Folla de Carballo: Ti non tes amigos. Soñas esperta.

Espiña de Toxo: Co meu coitelo afiado firo o azul da mañá. O ar queda cortado, e faise entón claridade.

Folla de Carballo: Xa ollas, feres. Tes un coitelo. Estás armada para facer o mal.

Espiña de Toxo: Son así. Non fago mal a ninguén. E quero ser a túa amiga.

Folla de Carballo: Imposíbel!

Espiña de Toxo: Por que...?

Folla de Carballo: Porque non.

Espiña de Toxo: Iso non é razón.

Folla de Carballo: Son unha señora

moi señoreada,

amiga do vento

e máis da xeada.

Eu estou no alto,

nun trono sentada.

Ti estás no chan

e non vales nada!

Espiña de Toxo: Pamplinas!

Folla de Carballo: Envexa! Tesme envexa! A miña cor verde dálle que cavilar ao azul do ceo, para que envexes.

Espiña de Toxo: Eu non che teño envexa nin a ti nin a ninguén. E non me cambio por ningunha folla de carballo.

Folla de Carballo: Que máis quixeras ti!

Espiña de Toxo: Presumida!

Folla de Carballo: Insúltasme! Fáltasme ao respecto! A min, que son unha Señora Folla de Carballo!

Espiña de Toxo: Non che falta en nada. Non sexas enredosa e trapalleira. Es ti que me tiras do xenio.

Folla de Carballo: Cala, famenta, que te esgano! Ríllote cos meus dentes a xeito de serra!

Espiña de Toxo: Que medo! Atrévete, abusona!

(A Folla de Carballo bótase sobre da Espiña de Toxo. Saen da escena pelexando)

2

(Un Garda leva presa cunha gran corda, exaxeradamente grande, a Espiña de Toxo)

Garda: Cala, que te mallo! Mira que queres matar e esfolar á Folliña de Carballo!

Espiña de Toxo: Perdoe, Señor Garda. Eu non fixen nada malo. Foi ela quen me acometeu. Xúrolle que non voltarei!

Garda: Cousa máis cativa endexamais vin. Es unha espiña feroz e ruín!

Espiña de Toxo: Non fixen nada malo! Eu nunca me metín con ninguén!

Garda: Agora que te ves perdidinha faste a mosca morta. Todas as espiñas espiñades. É verdade ou non?

Espiña de Toxo: Eu non espiño a ninguén. Son boa e pacífica.

Garda: Si...? Imos ver. Ti vas á misa...?

Espiña de Toxo: Non

Garda: Cumpres co precepto, pagas a contribución e fuches ao servizo?.

Espiña de Toxo: Non

Garda: E aínda dis que es boa?

Espiña de Toxo: Si. É que eu non son unha persoa, que son unha espiña.

Garda: Logo, se es unha espiña, es mala.

Espiña de Toxo: E dálle!

Garda: Sen faltar, eh! Se me dá a gana, mexo por ti! Para iso son garda!

Espiña de Toxo: Si, señor Garda.

Garda: Andando! Ala imos, xunto do Xuíz!

Espiña de Toxo: Teña piedade de min, que non fixen nada! O único que fixen foi defenderme.

Garda: Todos os criminosos sodes uns caralavadas! Se non vos coñecerei eu! Arreando!

(Escuro)

3

(A Espiña de Toxo diante do Xuíz)

Xuíz: Como te chamas?

Espiña de Toxo: Chámome Berenguela. O codeso é o meu padriño e a xesta é a miña madriña. Aínda que non sei se será ao revés. A xesta é o meu padriño e...

Xuíz: Iso non me interesa. Respóndeme si ou non ao que che pregunto.

Espiña de Toxo: Si, señor Xuíz.

Xuíz: Así que lle pegaches á Folla de Carballo, eh? Abusas de que es unha espiña feridora. A pobre Folla de Carballo non ten con que defenderse. E ti...

Espiña de Toxo: Eu, señor Xuíz...

Xuíz: Ti, calas! Eu son o Xuíz e, polo tanto, o que fala. Entendiches?

Espiña de Toxo: Si, señor Xuíz.

Xuíz: Despois de lle acometeres ferozmente á infeliz Folla de Carballo aínda tes a caradura e a senvergoñería de replicarme.

Espiña de Toxo: Eu non replicaba.

Xuíz: Non, eh...? E logo, non me está a replicar? A min, que son o Xuíz! Aínda o negas! Estou perdendo a paciencia. E non me cabrees. Como me cabrees, heiche de dar para o cabelo.

Espiña de Toxo: Eu... Eu non fixen nada!

Xuíz: Es teimuda! E aínda te atreves a mentir diante de min! Maleducada! Larpeira! Asasina!

Espiña de Toxo: Clemencia e perdón, señor Xuíz!

Xuíz: Agora mudas de trécola porque te ves perdida. E faste moi humilde, moi tal e que sei eu. Mesmo diante da Xustiza obras con torta malicia facéndote a inocente. De momento vou facer un escarmento exemplar e competente para exemplo de toda a xente.

(Queda uns intres mudo e caviloso)

Antes de mandarte para a cadea, pagarás as atrocidades que cometiches; voute mandar a xunto do Alcalde para que che dea unhas leccións de cidadanía, a ver se sacamos algún proveito de ti, cousa que dubido.

(Escuro)

4

(A Espiña de Toxo diante do Alcalde)

Alcalde: Eu son o Alcalde dono da alcaldía. E se quero déixote sen cidadanía... E, ademais, expúlsote da cidade.

Espiña de Toxo: Si, señor Alcalde.

Alcalde: Se me peta, mándote poñer fóra do meu termo municipal, concello ou axuntamento, como prefiras.

Espiña de Toxo: Si, señor Alcalde.

Alcalde: Imos ver. Ti estás no censo?

Espiña de Toxo: Si, señor Alcalde. Estou censada como ben rústico.

Alcalde: Ai, logo ben. Pagas o alcantarillado?

Espiña de Toxo: Non, señor Alcalde.

Alcalde: E a recollida de porcallada?

Espiña de Toxo: Non, señor Alcalde.

Alcalde: E pagas os dereitos de voladizos?

Espiña de Toxo: Non, señor Alcalde.

Alcalde: E a baixada de canalóns?

Espiña de Toxo: Non, señor Alcalde.

Alcalde: Non, señor Alcalde; non señor Alcalde! Que non nin que puñetas! O que es ti é unha indesexábel!

Espiña de Toxo: E que eu non teño casa nin ando pola cidade. Servidora vive no monte.

Alcalde: O que es ti é unha anarquista, unha separatista, unha vagamunda, unha drogada, unha espiña de mal vivir, unha pericona. Iso é o que es.

Espiña de Toxo: Eu, eu...

Alcalde: *(Sae da escena a berros)* Señor Recadador! Señor Recadador! Veña cobrarlle os trabucos a esta Espiña Rebelde!

(Escuro)

5

(Recadador e Espiña de Toxo)

Recadador: Son Recadador da recadación.

Encho a miña bolsa e o meu bulsón!

Recado diñeiro

contante e cabal,

sexa de papel

ou sexa de metal.

Quero que me pagues

todos os trabucos.

Comigo non valen

nin mañas nin trucos!

Espiña de Toxo: Eu non teño diñeiro

Recadador: Non, eh...?

Espiña de Toxo: Non

Recadador: E non tes quen cho preste?

Espiña de Toxo: Non.

Recadador: Non tes un eido, unha navalla, un dente de ouro, unha camisa, unha entrada de fútbol...?

Espiña de Toxo: Non, non teño nada.

Recadador: Non é posiíbel! Teño que cumprir coa miña obriga e cobrarche os trabucos e impostos, ademais dos recargos. Mais, non tes nada de nada? Cavílao ben!

Espiña de Toxo: O único que teño é o marelo das miñas flores. Agora non dispoño de ningunha. Teño que agardar a que chegue a primavera.

Recadador: Que pecado! Que herexía meirande! O marelo das flores non vale nada! Que herexía! Teño que chamar polo Crego para que esconxure a esta herexe!

(Sae da escena berrando)

Señor Crego, señor Crego!

(Escuro)

6

(Crego e Espiña de Toxo)

Crego: Oh, Espiña de Toxo

á que ollo con noxo

no poder do mal,

no lume infernal,

baixo a pouta de Belial!

espello de concupiscencia,

tulla de incontinencia,

celeiro do pecado

que vas contra o mandado

sementando a guerra

pola faz da terra!

Vén

a cen

polo camiño do ben!

Di: AMÉN.

Espiña de Toxo: Amén!

Crego: Máis forte, máis forte!

Espiña de Toxo: *(A berros)* Amén, amén, amén!

Crego: Verdadeiramente, esta Espiña de Toxo ten o Demo metido no corpo! Arrenégote, Satanás! *“Dios me lo perdoe, Señor! Salva sea la parte! Amén, amén!”*

(Escuro)

7

(O Garda leva a Espiña de Toxo atada polo pescozo cunha gran corda)

Garda: Arrea! Estou desexando perderte de vista e deixarte xa dunha vez nun lugar seguro.

Espiña de Toxo: Non tires tanto, que me mancas.

Garda: Estache ben merecido! Todo é pouco! Pérdense as do ar!

Espiña de Toxo: Eu non fixen nada!

Garda: Xa coñezo esa trécola! Imos, que non teño tempo que perder. Teño que ir

beber as miñas cuncas ao Carrazúa, ao Blusas, ao Arañeira, a onde me pete...

Espiña de Toxo: A moitos lugares vas.

Garda: E que teño moita sede.

Espiña de Toxo: O que che pasa é que es un bébedo.

Garda: Eu un bébedo...? Mide as túas palabras, que son unha autoridade!

Espiña de Toxo: Que máis quixeras! Se me deixas fuxir, douche un bocoi de viño.

Garda: E onde o tes?

Espiña de Toxo: Agora non o teño. Daríacho así que me deixases fuxir.

Garda: Olla que es lista. Andando para a cadea!

Espiña de Toxo: Eu non fixen nada! Eu son inocente!

Garda: *(Cantando como fan os nenos)* A Espiña é inocente! Inocente como un nabo da semente!

(Escuro)

8

(A Espiña de Toxo co Carcereiro)

Carcereiro: *(Pechando a Espiña de Toxo na cadea)*

Eu son o Carceleiro
da Cadea Principal!

O que custodia o rateiro
o ladrón e o criminal!

Por pericona e boa prea,
Espiña tola e ruín,
tes cen anos de cadea
ben gardadiños por min!

Espiña de Toxo: Non entendo nada! Eu non me metín con ninguén! A ninguén lle faltei! Que inxustiza máis grande! *(Rompe a chorar e a saloucar)*

Carcereiro: Non chorabas cando lle acometeches á Folla de Carballo! Asasina! Estarás na cadea deica que che se pudran os ósos. Vas botar cen anos e un día nesta cadea!

Espiña de Toxo: Non hai xustiza! Eu non lle acometín á Folla de Carballo nin a ninguén! Son de natural pacífico!

Carcereiro: Aínda tes que dicir, desvergoñada! Anarquista! Dexenerada! Separatista! Tentabas esborrallar a Cultura e a Civilización. Mentícheslle ao Xuíz, burlácheste do Crego, non respectaches ao señor Alcalde, négaste a pagar impostos e trabucos. E dis que non fixeches nada! Menos mal que para algo estamos os gardas e os carcereiros.

Espiña de Toxo: Eu digo a verdade. Non hai dereito ao que facedes comigo!

Carceleiro: *(Asegurándose de que está todo pechado, revisando os cadeados)*

Aí quedas, presa e ben presa, atada e ben atada! Eu vou botar un subastado cos meus compadres os gardas! Ha, ha, ha!

(Escuro)

9

(Espiña de Toxo na cadea. Logo, o Espírito do Monte. A Espiña de Toxo asomando por unha fiestra, aínda que grande, chea de reixas e de barrotes moi grosos)

Espiña de Toxo: Ai de min! Ai de min, que son perdidíña! Levo cadea para anos e anos! Aquí, detrás destas reixas, destes ferros irei esmorecendo pouco a pouco,

murchándome, sen esperanza de voltar a ollar a luz do sol! (*Chora e salouca*)

Espírito do Monte: Espiña de Toxo...
Espiñiña de Toxo... Berenguela.
Berenguela!

Espiña de Toxo: Quen me chama?

Espírito do Monte: Son eu. O Espírito do Monte, que veño por ti. Non me recoñeces?

Espiña de Toxo: Claro que te recoñezo!
Mais, como poderei fuxir?

Espírito do Monte: Teño poder para iso e para moito máis. Para iso eu son un espírito

Espiña de Toxo: E non darán comigo?

Espírito do Monte: Non teñas medo. Os teus perseguidores nada poderán contra ti nin contra min. Fora do asfalto, eles non son ninguén.

Espiña de Toxo: Non te fíes. Teñen todo medido, espiado, retratado, catastrado, contabilizado, apuntado nuns libros.

Espírito do Monte: Eu levareite á bouza máis perdida. Ao monte máis soedoso. Alí terás por compañeiras as nubes que pasan, os animais ceibes, os aires puros e vagamundos. Alí serás libre.

(O Espírito do Monte sopra, e caen esborrallados os muros da cadea)

Espiña de Toxo: *(Dando brincos)*

Libre! Libre! Libre!

(Escuro)